

O QUE O CEO PERMITE

1607

Douglas Sirk, 1955

ESTREA EN NUMAX: 07.10.2025 | V.O.S.E. | 89 min

Unha viúva de boa familia inicia un romance co seu xardineiro. A pesar de pertencer a dous mundos completamente diferentes deciden casar, pero o seu amor tropeza co rexeitamento dos fillos da muller e do seu círculo social.

A sesión será presentada pola docente e investigadora da USC Marta Pérez Pereiro.

«Brillante análise da sociedade burguesa e dos seus obsoletos e ríxidos principios morais»

Fernando Morales, EL PAÍS



A pegada da clase social

Por Rainer Werner Fassbinder

En Lugano, Suíza, vive o home máis intelixente que vin xamais e que, cun sorriso feliz pero case imperceptible, di: "Ás veces ameí moito, verdadeiramente moito, as cousas que fixen". Amou, por exemplo, *O que o ceo permite* (1955). Nela, Jane Wyman é unha viúva rica; Rock Hudson poda as súas árbores. No xardín de Jane crece unha árbore que só florece onde hai amor e así, despois dun encontro fortuíto, crece o amor da súa vida entre Jane e Rock. Pero Rock é quince anos máis novo e Jane está completamente integrada na vida social da súa pequena cidade norteamericana. Son unhas condicións bastante catastróficas para comezar o grande amor da súa vida.

As persoas non poden vivir soas, pero tampouco poden vivir xuntas. Sobre isto tratan as películas de Sirk e por iso son tan desesperadas. *O que o ceo permite* empeza cun gran plano da pequena cidade sobre a que aparecen os títulos. Impresión de gran tristura. Despois, vén un plano con guindastre sobre a casa de Jane; unha amiga chega para devolverlle unha vaixela que lle emprestou. Que tristura! Un travelling segue as dúas mulleres e alí, ao fondo, está Rock Hudson de pé, petrificado como xeralmente están os figurantes nas películas de Hollywood. E como a súa amiga non ten tempo de tomar café con ela, finalmente Jane tómalo co figurante. De momento Rock non ten verdadeira importancia. Cando empezo a tela, tamén terá os seus primeiros planos. É sinxelo e fermoso. Todo o mundo pode velo.

As películas de Sirk son descritivas. Moi poucos primeiros planos. Mesmo nos planos contraplano o interlocutor non aparece enteiraamente no cadro. O profundo sentimento do espectador non é o resultado dunha identificación, senón que provén da montaxe e a música. É polo que ao final destas películas experimentamos unha impresión de insatisfacción. O que vimos sucedeulle a outras persoas. E se algo do que vimos nos atinxe persoalmente, temos liberdade para admitilo ou rir do seu significado.

Para os fillos de Jane, a cousa é distinta. Hai un home maior ao que consideran o partido ideal para a súa nai. E de súpeto, aparece Rock, que apenas é maior ca eles, é moito máis guapo e non é tan parvo. Con todo, diante del reaccionan con terror. É fantástico. O fillo de Jane ofrece un cocktail aos dous homes, ao vello e a Rock. Ambos agradecen as bebidas. Cando o fai o vello, os fillos estoupan de ledicia. Pero co agradecemento de Rock faise explosiva a tensión do cuarto. As dúas veces é o mesmo plano. É excepcional a forma de dirixir actores de Sirk. Se se consideran as últimas películas de Fritz Lang rodadas nesta época, onde a incompetencia é visible por todas partes, sen dúbida é obrigado apreciar a Sirk. Nas súas películas as mulleres pensan. E isto é algo que xamais me chamou a atención noutros cineastas. En ningún outro. Frecuentemente mostran mulleres que reaccionan e compórtanse como se supón que deben facelo as mulleres, pero en Sirk pensan. Hai que ver isto. É marabilloso ver pensar as mulleres.. Dá esperanzas. Francamente.

Finalmente, en Sirk os personaxes sempre están en cuartos que levan impresa con forza a pegada da súa clase social. Estes interiores son incrivelmente exactos. Na casa de Jane só hai unha maneira posible de desprazarse. Só se poden dicir un tipo de frases cando se quere falar, un só tipo de xestos cando se quere expresar algo. Poderá cambiar Jane cando vaia a outra casa, por exemplo, á de Rock? Aí habería unha esperanza. Pero por outra banda, quizá está tan reclusa nos seus estereotipos que na casa de Rock botará de menos o tipo de vida ao cal está afeita e que se converteu no seu. Por isto, o *happy end* pode non ser tal.

Publicado en fassbindercineasta.com



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

*Tempo de vivir, tempo de
revivir,*
Antonio Drove.
Athenaica